





guía

DE LECTURA > 33



TAMBRE

colección catavento 

Ari e o Minotauro

Ramón Caride Ogando



Título **Ari e o Minotauro** / Autor **Ramón Caride Ogando** / Catavento, 33 / +12 anos / 128 páxinas

O autor

Ramón Caride Ogando (Cea, Ourense, 1957). Biólogo e profesor de ensino secundario en Cambados, é dono dunha longuíssima traxectoria na nosa literatura. Cultivou todos os xéneros —a narrativa, a poesía, o xornalismo e mesmo o teatro infantil— e posúe numerosos premios, entre eles o Blanco Amor e o Café Dublín de novela, o Cidade de Ourense de poesía, o Lueiro Rey de narrativa breve, o Risco de literatura fantástica ou o Merlín de literatura infantil... Nos seus libros sempre adoita estar presente a fantasía, a ciencia, o amor pola natureza ou a compoñente lendaria, salientando de maneira especial a súa constante ollada crítica da nosa realidade e o convite a que o lector reflexione sobre os problemas de hoxe.

Argumento

A vida de Ari semella coma a de calquera rapaza de 12 anos, atafegada entre o colexio, as amigas e a súa nai, que non entende que está comezando a facerse maior. Na praza que atravesaba catro veces por día entre o colexio e a casa coñece a Pedro, que durme alí nunha tenda, o último resistente dunha acampada cívica, un ancián sorprendente que sabe da vida moito máis do que aparenta, pero tamén da propia Ari e da súa familia.

Isabel Couso, a nai de Ari, catedrática nunha universidade, descubrirá finalmente que Pedro é o autor daquela chamada a un programa de radio que resultou decisiva na súa vida cando ela era só unha estudante de bacharelato: aquela chamada motivou que ela investigase sobre o mito do Minotauro, que acabase dando clase de literatura na universidade e que publicase un libro sobre o asunto que deu en converterse nun best-séller, mais tamén influíu na súa vida persoal, pois o seu editor converteuse no seu home e a filla que tiveron decidiron bautizala co nome de Ariadna.

Agora con perspectiva, todo lle parece un inmenso erro. Pensa que a vida é un continuo equívoco do que nunca poderemos fuxir, coma un inmenso labirinto que cada un de nós levamos dentro, aínda máis enguedellado ca o do Minotauro. Un labirinto que tamén afecta a Ari, que amosa deseguido unha constante inquietude polo saber, motivada, se cadra, por medrar nun fogar desestruturado, con ausencia do pai e dos avós e cunha nai embebida de máis no traballo académico.

Obxectivo

Esta guía pretende desenvolver o espírito crítico dos primeiros adolescentes mediante unha historia actual que recrea unha realidade condicionada pola crise económica. Nese senso, propugna a necesidade de loitar polo que un pensa e por asumir as responsabilidades que a un lle tocan. Igualmente, expón unha relación de tensión e incomunicación, propia da idade moza,

da protagonista coa súa nai, e valora a existencia dunha figura adulta de referencia no proceso de maduración e consolidación da personalidade adolescente.

Asemade, tenta incidir na formación literaria dos mozos por medio de distintos obradoiros e aumentar o seu interese pola lectura e pola literatura. Así, a lectura da novela é unha oportunidade propicia para coñecer un dos mitos por excelencia da cultura clásica grega: a lenda de Teseo e o Minotauro.

Os obradoiros están elaborados co propósito de afondar na lectura. Algúns están máis claramente vinculados a unhas áreas de coñecemento ca outros, pero todos poden resultar útiles para desenvolver os diferentes aspectos da formación humana e intelectual dos alumnos.

Temas

- O **mito do Minotauro** e a perspectiva de xénero.
- A crianza dunha filla por parte dunha nai, formando un **modelo de familia exento da figura paterna** e tentando conciliar unha carreira exitosa coa maternidade.
- A protesta por medio da **palabra** e da **non violencia** para acadar obxectivos.
- A necesidade dunha **interacción** entre as **persoas maiores** e a **xuventude** como resposta necesaria ante a curiosidade e a busca de información.
- A **música** como elemento relaxante, necesario e harmónico na sociedade.
- A **solidariedade** con aqueles que non teñen a mesma capacidade económica, cos que se ven na necesidade de pedir esmola ou durmir na rúa.
- O **valor da amizade** máis alá da fronteira da idade.

Contexto e xénero literario

Na novela conflúen as historias arredor da nai e da filla co nexo común de Pedro: o ámbito académico, as relacións familiares, a conciliación, a adolescencia, a relación interxeracional, as porfías entre a nai e a filla, ou a resolución dos problemas a través da palabra.

Ao longo da novela o autor obriga os lectores a ir entendendo as distintas realidades dos personaxes e a súa evolución é constante: Pedro precisa transmitir a experiencia dos anos, necesita dar o único que ten: a súa música e os seus coñecementos; Ari precisa que a escoiten e que a guíen; Isabel precisa pechar unha porta do pasado e facerse co temón do futuro, aproximarse a Ari e dedicarlle máis tempo.



I Obradoiro de literatura

► Obxectivo:

Descubrir a técnica narrativa da novela e a súa variedade de recursos. Na novela o autor concibe dende o principio a historia, quen a vai contar e dende onde, é dicir, o punto de vista narrativo. Tamén define a unha serie de personaxes e sitúaos nunhas coordenadas espazo-temporais concretas. Estrutura a historia, dividíndoa en partes ou capítulos, e establece o peso que terán as descrições e o diálogo dentro da narración. Tamén debe manexar a intriga e dosificar axeitadamente a atención do lectorado. E debe decidir o desenlace e escoller un título atractivo que incite á lectura da obra.

► Actividades previas á lectura:

1. TÍTULO. É o nome propio da obra literaria. Serve para que distingamos e identifiquemos a obra en cuestión. O título introdúcenos no que vai ser a obra e relaciónaa co seu contido. É a porta de entrada e nel desenvólvese a función conativa que seduce e fai que o público se interese por ela. Neste caso vai máis alá e relaciona a novela con outro xénero, facilmente recoñecible, como é o asociado ao mito.

- Comentar o título en pequenos grupos e escribir en catro ou cinco liñas o que suxire. Investigar sobre o mito e a cultura clásica.
- Comentar a cuberta do libro. Que representa? Que relación ten co título? Que espera o lector do libro que vai ler logo de observar a cuberta e ler a contratapa?

► Actividades posteriores á lectura:

1. O TÍTULO

- Reflexionar sobre a conveniencia do título.
- Os alumnos explicarán se xa coñecían o mito ou se, pola contra, lles é completamente alleo por non ter coñecementos da cultura clásica.
- Imaxinar outros títulos posibles.
- Buscar fragmentos no libro que expliquen a elección do título.
- Reflexionar sobre o carácter simbólico que adquire o título a partir do seguinte texto: «A vida é un continuo equívoco do que nunca poderemos fuxir. Coma un inmenso labirinto de Dédalo, que nos asolaga en derredor».

2. OS TEMAS. Son o motivo principal tratado na novela. Todo aquilo que o autor nos quere facer chegar axudándose da historia e dos personaxes. Unha novela pode abranguer varios temas e a súa importancia ser diferente.

- Rastrexar ao longo da novela os temas enunciados anteriormente e determinar a súa correspondencia coa realidade social presente.

- Establecer unha xerarquía entre eles tendo en conta a súa importancia na novela.

- Visualizar a obra dende un punto de vista feminista, atendendo ao modelo de familia e ao papel que ten a muller na actualidade como motor da sociedade. Expoñer a necesidade da idea de conciliación real e da asunción de tarefas para unha maior igualdade.

- Lembrar outras lecturas nas que se achen presentes algúns dos temas suxeridos. Profundar noutros mitos e no que simbolizan. Actualizar e presentar lecturas relacionadas que teñan que ver con mitos.

3. OS PERSONAXES. Os personaxes son as persoas, animais ou seres arredor dos cales se desenvolve a novela; participan na acción e fan que esta avance. Segundo a súa importancia e participación na historia, distinguimos varios tipos de personaxes: o protagonista, ou protagonistas, e mais os personaxes secundarios. Segundo a intensidade da súa caracterización, distinguimos: personaxes redondos—complexos, máis elaborados e deseñados dende unha perspectiva máis fonda, que penetra na súa psicoloxía— e personaxes planos, deseñados como un personaxe tipo que non achega máis datos ca os evidentes.

- Clasificar segundo a súa importancia os personaxes principais e secundarios.

- Achegar exemplos do papel da muller na mitoloxía e na nosa sociedade. Reflexionaremos sobre o feminismo e o machismo; iremos máis alá do mito, do libro, do conto que nel hai, e investigaremos que foi de Ariadna despois de que a abandonara Teseo na illa de Naxos.

Explicar por que Isabel non se deixou ir cando os acontecementos se volveron adversos na súa vida. Cal foi a súa determinación?, cal foi o peso do pasado para ela? «De súpeto atopouse separada, abandonada cunha filla de pouca idade, á que debía criar en solitario, e sen ningún patrimonio» (páx. 29).

- Explicar cales son as posibles necesidades de Ari.

4. O PUNTO DE VISTA NARRATIVO. O autor posiciónase nun plano que nos permite determinar se é coñecedor ou non da historia, se intervén nela ou se mantén á marxe. O autor pode elixir entre varias posibilidades:

- Un narrador onisciente. Coñece todo sobre os feitos narrados e sobre os seus personaxes, mesmo sobre os sentimentos e pensamentos destes. Relaciónase coa terceira persoa narrativa.
- Narrador observador. Só coñece o que ve. Fala tamén en terceira persoa.
- Narrador protagonista. É quen protagoniza a novela. Conta a súa propia peripecia en primeira persoa.



- Narrador secundario ou testemuña. É alguén que asistiu ao narrado, e dá testemuño dos feitos. Pode desaparecer tras os personaxes ou converterse nun deles para contar o que presenciou. En ambos os casos, fala en primeira persoa.

- a. Cal é o tipo de narrador que emprega Ramón Caride en *Ari e o Minotauro*?
- b. Hai un ou varios narradores?

5. O TEMPO E O ESPAZO. Nesta novela as coordenadas espazo-temporais resultan esenciais na configuración do material narrativo, tanto no que afecta ao contido como á súa forma. Os tempos son varios dependendo do discurso narrativo e da trama.

- a. Sinalar na novela as referencias ás liñas espazo-temporais, dentro da obra e con respecto a nós mesmos, á actualidade.
- b. En canto ao tempo literario, analizar se existe unha retrospección temporal ou un fío condutor da temporalidade, é dicir, se hai unha volta atrás ou saltos no discurso. No suceder da historia hai un momento importante que é a carta que o explica todo dende a perspectiva de Pedro, máis alá da exposición que se fai dos feitos tendo en conta a Isabel. Cal é a perspectiva dos feitos de Isabel e de Pedro? Que diferenza hai entre eles con respecto á importancia do mito?

«Lin centos de libros sobre mitoloxía, se me apuras, e non esaxero. Pero se che digo que hai un, especialmente, que sempre recordarei —titúlase *O máxico triángulo*, dunha autora que coñeces moi ben— pensarás que isto é só unha feliz coincidencia. Pero eu non creo que existan as coincidencias. En absoluto. As coincidencias son só as ocasións das que se vale a vida para revelarnos o seu misterio». (páx. 89).

6. A TENSIÓN DRAMÁTICA. Ao longo da novela hai momentos de certa intensidade nos que o lector debe estar atento aos acontecementos para non perder o fío. Hai historias puntuais determinantes dentro dela e que provocan cambios de actitude nos personaxes.

- a. Sinala eses momentos de intensidade discursiva.
- b. Que personaxe cambia despois de enfrontarse á realidade dende outra perspectiva?
- c. É o final da novela un dos picos dramáticos? Por que?

II Obradoiro de escritura

► Obxectivo:

Fomentar a escritura creativa, cultivando diversas técnicas de comunicación escrita, utilizando a obra como motivación.

► Actividades:

- a. Escribir unha carta dirixida a Pedro en contestación á que se nos ofrece na parte final da obra.
- b. Pedro dorme nunha tenda de campaña e toca na rúa. Nunha sociedade xusta ningunha persoa deba durmir ao raso. A Constitución española establece que todos os españois temos dereito a unha vivenda digna. Debatede sobre as leis e o seu cumprimento. Que é unha acampada cívica e para que serve? Cales son os dereitos que se recollen na Constitución Española?

Redactar un regulamento ficticio en primeira persoa e por voz do Concello en materia de espazos públicos e vivenda digna.

- c. Os alumnos poderán indagar nas súas casas sobre se coñecen algún conto que lles contaran a eles durante a infancia ou a adolescencia; se os maiores que os rodean coñecen algún mito, fábula ou algunha lenda. Trátase de reflexionar se os maiores son transmisores de coñecemento.
- d. Na actualidade estase a cuestionar a necesidade de ensinar materias como as que teñen que ver co mundo clásico ou coa filosofía. Manteremos un debate sobre a necesidade de coñecermos ou non a cultura clásica e a filosofía, as cousas positivas e negativas deste feito.
- e. Buscaremos as diferenzas existentes entre mito, fábula e conto.

III Obradoiro de historia da cultura

► Obxectivo:

Situarnos na historia e na xeografía como ferramentas para profundar na temática do libro. Coñecer o mito e ir máis alá. Onde se sitúa a trama do mito do Minotauro? Fomentar o coñecemento sobre o mito e a súa relación con Atenas e Troia, cos deuses en xeral e o que representaban, coas antigas civilizacións e o que extraemos delas.

► Actividades:

- a. Investigar as localizacións do mito: Onde está a illa de Creta? Onde está Naxos? Que acontece alí?
- b. Que clima predomina nesa zona? En que se basea a súa alimentación? E a mesma cultura que a nosa?
- c. Na nosa comunidade existen outras culturas que exerceron influencia sobre nós. Existen arredor delas tamén mitos e lendas. Investigade sobre os celtas e sobre a pegada que estes tiveron, sobre os seus monumentos e onde pode haber algún exemplo.



- d. Hércules era un heroe da mitoloxía romana e esta entronca coa grega. Cales son as diferenzas entre as dúas? Cal é o nome dos deuses na mitoloxía romana e cal na grega? Que civilización deixou unha maior pegada?
- e. Na Coruña sitúase a Torre de Hércules, que é o único faro de orixe romana en funcionamento do mundo. Investiga sobre ela, sobre Hércules, sobre quen era Heracles e sobre a súa construción. Indica que mitos ou lendas hai ligadas á Torre.

IV Obradoiro de oratoria

► Obxectivo:

Aprender a falar en público argumentando, elaborando previamente un guión, entoando e controlando a voz, e adecuándose aos medios de comunicación. Que explique unha realidade e convenza os demais. O alumno debe enganchar o público e evitar memorizar o discurso simplemente. O discurso debe ser atractivo para os seus oíntes.

► Actividades:

- a. A trama do libro nace dunha chamada de radio, así que propoñemos a elaboración da edición diaria completa dun programa cultural. Primeiro organizaremos unha saída para ver *in situ* o modelo e para que os alumnos se interesen polo seu funcionamento, para que pregunten as dúbidas.
- b. Propomos elaborar un guión dun programa de radio, medindo as intervencións dos participantes nunha tertulia, cun moderador, ensaiando previamente. As intervencións non poderán sobrepasar os dous minutos e haberá dereito a unha réplica. Haberá que escoller un tema de actualidade, como o dereito á vivenda, á sanidade, á educación, o respecto aos maiores... Ademais, podemos escoller un condutor/locutor que dea paso aos que participen no debate radiofónico, un alumno que grave o programa...
- c. Propomos tamén a visita a un centro de maiores para que se plasme a experiencia da transmisión de coñecementos. Podemos escoller un tema do que eles saiban por experiencia persoal: o xogo, as protestas, a ditadura... e confrontar a súa visión coa dos maiores. Elaboraremos un resumo a modo de reportaxe que formará parte da programación de radio ou un informativo de televisión co material que recollamos.

V Obradoiro de expresión plástica

► Obxectivo:

Fomentar o espírito creativo e artístico dos alumnos, e aproveitar a obra lida para estimular a súa curiosidade e ampliar os seus coñecementos sobre a cultura e a arte grega.

► Actividades:

- a. Buscar información sobre a mitoloxía, atendendo aos deuses como protagonistas da sociedade e explicar que tipo de relixión practicaban. Pódense facer, en grupos, murais explicativos da xerarquía dos deuses.
- b. Realizar unha obra plástica, mediante unha técnica libre, que estea inspirada na arte antiga, na figura dun deus da mitoloxía grega ou nalgún monumento importante que se conserve na súa honra.

VI Obradoiro de intercambio de ideas

► Obxectivo:

Educar no respecto, na tolerancia, na igualdade de sexos e na solidariedade. Valorar a globalización como un proceso recente que ten repercusións positivas e negativas. Mirar polos demais, exercer o dereito á manifestación e á protesta.

► Actividades:

Celebrar un debate a partir dos seguintes temas:

- A crise económica e, en particular, o problema da vivenda (desafuzamentos) e do desemprego. Como incide sobre a familia? Que consecuencias ten? Algunhas son positivas?
- Son efectivas as políticas sociais públicas? Son un obxectivo primordial dos gobernos? Como se deberían desenvolver? Hai algúns asuntos desatendidos ou secundarios nesas políticas hoxe en Galicia? E en España?
- Debater sobre austeridade e consumismo, sobre o necesario e o superfluo.

Para a preparación do debate, propónse o seguinte esquema:

1. Preparación: Facer dous grupos de cinco persoas que preparen o debate e que defendan ideas enfrontadas a favor e en contra, que algún dos rapaces se poña no lugar dunha persoa rica. Elixir tamén un moderador.
2. Desenvolvemento: Cada grupo manterá un punto de vista distinto. Dispoñen de 35 minutos para dar a súa visión e os seus argumentos, e doutros 10 minutos para responder a cuestións que formulen os compañeiros da clase, que os escoitaron en silencio. Finalmente, o moderador dedicará os últimos 5 minutos para ler as conclusións.
3. Regras para o debate: Débense respectar as quendas de intervención e manter unha actitude respectuosa con todos os puntos de vista e opinións verquidas, atendendo a todos os alumnos e á casuística das súas familias. Non se debe interromper o discurso de ninguén e os participantes deberán previamente documentarse para o debate traendo noticias de xornais ou exemplos concretos de



Obradoiros

organizacións que se dediquen a defender os consumidores, de tempos pasados, de modelos de sociedade diferentes, de reutilización e reciclaxe, de leis de protección das persoas...

VII Obradoiro de expresión artística: teatro, pintura, audiovisuais

► Obxectivo:

Fomentar a creatividade do alumnado. Desenvolver a planificación e o traballo rigoroso.

► Actividades:

- a. Converter un capítulo da novela nunha representación teatral para escenificar na aula ou inventar unha nova situación con eses mesmos protagonistas.

- b. Se se dispón dunha cámara de vídeo, gravar a representación, para que quede como recordo dun traballo de creación artística e literaria feito en equipo. Tamén se pode gravar a entrevista a un personaxe e mais ao autor.

- c. Facer unha nova interpretación da cuberta do libro. Empregar os materiais que o profesor considere máis axeitados.

- d. Elaborar unha *fotopresentación* do libro. Buscar un lugar onde colocar o libro ou acompañalo dalgún elemento, co propósito de facer unha fotografía que ofrezca unha visión persoal da obra.

- e. Gravar un *booktrailer* que sirva de presentación da novela. A finalidade e o formato, audiovisual, serán semellantes aos anuncios das películas.

Información complementaria e material audiovisual de consulta para o profesor

1. Libros:

- a. «La casa de Asterión», en *Cuentos completos*. Jorge Luis Borges. Debolsillo, 2013.
- b. *Los Reyes*. Julio Cortázar. Alfaguara, 1993.
- c. *Odisea*. Homero. (Versión galega de Avelino de Sela). Consello da Cultura Galega, 1992.
- d. *Los mitos griegos*. Robert Graves. Alianza Editorial, 2011.

2. Dicionarios:

- a. *Diccionario de mitos*. Carlos García Gual. Siglo XXI Editores, 2003.
- b. *Mitología griega y romana*. Jean Humbert. Gustavo Gili, 2013.

3. Cine:

- a. *Labyrinth (Dentro do labirinto)*. Director: Jim Henson. EE.UU., 1986.
- b. *El laberinto del fauno*. Director: Guillermo del Toro. España-México, 2006.

4. Documentais:

- a. *Myth Hunters: The Quest for the Minotaur's Labyrinth* (Mitos e lendas: A procura do labirinto do Minotauro). World Media Rights Ltd, 2014.

5. Ensaio e artigos:

- a. Juan Herrero Cecilia: «El mito como intertexto: la reescritura de los mitos en las obras literarias». En *Çédille*, n.º 2, pp. 58-76. Recollido en: <http://cedille.webs.ull.es//dos/herrero.pdf>

Esta proposta realizárona Edicións Tambre e Romina Bal